

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA - XUNTA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Recurso de reposición ó permiso de investigación Jorge Reyes
número 7148 (AC/C/7148)

Don/Dona _____ con DNI..
veciño/a de _____, con domicilio en _____, municipio de

A SOCIEDADE CAOLINES DE VIMIANZO, S.A.U.(CAVISA) é titular do Permiso de Investigación Don Jorge Reyes número 7148. Ten prevista a investigación dos recursos mineiros caolín, mica e minerais asociados nos concellos de Laxe, Cabana de Bergantiños e Zas.

Manifestar a oposición a esta concesión deste permiso de investigación que podería derivar nun posterior permiso de explotación mineira. Este posterior permiso de explotación a ceo aberto afectaría directamente ao benestar e á saúde das persoas pola súa proximidade ó lugar de Fornelos,

Tamén tería un gran impacto sobre a economía local. Fornelos e a súa contorna está totalmente humanizada con forte actividade socioeconómica. Están en perigo actividades relacionadas co turismo sustentable e con actividades gandeiras e forestais, ademais de explotacións hortofrutícolas ecolóxicas que crean emprego no lugar.

Unha futura explotación mineira tan cerca dun lugar habitado provocara gran cantidade de po en depósito e en suspensión, así como outras emisións de substancias nocivas que irremediabilmente afectaran á saúde de persoas e animais.

A extracción destes minerais dara lugar a unha gran contaminación acústica polo emprego de máquinas perforadoras e o traslado ó seu lugar de tratamento provocara un tránsito de camiós que indubidablemente contribuíra a esa contaminación acústica.

Calquera explotación mineira a ceo aberto provoca un gran impacto paisaxístico e visual. Os estudos din que o movemento de terra necesario para obter un quilo de material estaría entre 5 e 15 quilos. No caso do caolín de Coéns cun tipo de caolín similar ó que se vai a investigar estaría entre 8 e 12 quilos. A mina que se pretende abrir en Coéns, ocupara unha superficie de explotación directa de 63.000 metros cadrados.

A afección desta futura mina derivada deste permiso de investigación implicaría unha desaparición da biodiversidade e da saúde ambiental que actualmente teñen estas zonas que se pretenden investigar.

Así mesmo non consta que se informara aos veciños e veciñas afectados a existencia deste proxecto de investigación por parte da administración autonómica (Xunta de Galicia).

-Por todo o exposto, manifesto a miña rotunda oposición a este permiso de investigación e **SOLICITO:**

A anulación do permiso de investigación Jorge Reyes número 7148 nos concellos de Laxe, Cabana de Bergantiños e Zas por ser o primeiro paso para unha explotación mineira prexudicial para o medioambiente, para o benestar, para os intereses económicos e para a propia saúde das persoas afectadas por esa explotación.

a dede 20.....

Asdo.